

Arranca a plataforma por unha Galiza ceibe de transxénicos



O pasado sete de abril tivo lugar en Santiago de Compostela a presentación da Plataforma Galega Antitransxénicos. Impulsada polo Sindicato Labrego, a plataforma alberga arestora vinteún colectivos que manifestan

o seu forte rexeitamento á introducción de organismos xenéticamente modificados (OXM's) nas nosas vidas. Carecendo hoxe en día de estudos que aclaren o verdadeiro efecto destes organismos no ser humano, as probas efectuadas en animais

dan conta da presenza de múltiples afeccións derivadas dos transxénicos. Malia todo, as etiquetas dos alimentos non sinalan a presenza de OXM's até que acadan o 0,9%, non sendo obrigatorio especificalo na alimentación animal. **Páx. 12**

Non á entrada do viño na Lei do Botellón

“O viño é un alimento”. Manuel Docampo proporciona os argumentos para non introducir o viño na Lei de Drogodependencia e Trastornos Aditivos de Galiza. **Páx. 2**

Mantéñense as mobilizacións no sector lácteo

Tras os nulos avances percibidos até o de agora, mantéñense as convocatorias de mobilización no sector a prol de prezos xustos para o leite. **Páx. 5**

Estudo sobor da siniestralidade vial no agro

Galiza ocupa os primeiros postos en siniestralidade vial no agro. Este estudo pon de manifesto eivas detectadas en materia de seguridade e formación. **Páx. 8**

140 mulleres no encontro da Secretaría

A Secretaría das Mulleres vén de celebrar o seu encontro anual con grande éxito. Soberanía Alimentar ou a Seguridade Social Agraria foron algúns dos temas abordados. **Páx.13**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servizos Agrarios e Contables S.L.

CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Colaboracións: Sandra
Varela, Carme Freire, Eva
Pereira, Isabel Vilalba, Xosé
Pérez Rei e Charo Sánchez
Parga.

Deseño e maquetación:

Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf: 981 580449

Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tlfno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981

703169

SANTA COMBA - R/ Lugo, nº9, entr. esq.

Tlf/Fax. 981 880909

ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.

Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tlf: 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tlfno. 981 789 781

SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n

981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tlf: 630 970 131

O CARBALLIÑO, Casa sindical

Tlf: 630 970 131

VERÍN - Travesía de Sosas nº 20,

Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - CIG Casa Sindical.

Tlf. 988 477230

Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.

Tlfno. 629 621 047

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf.

982 403005

SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán.

982 533672

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISS Tlf/Fax: 982 462103

A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tlf. 982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

LALÍN - Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 792

268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros, portal

1ºA, 1ºC. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Ros-

ales. Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribad-

umia. Tlf. 986 711825

2 / Adro

nº 262
Abril de 2008



Manuel Docampo, responsábel do Sector Vitivinícola do Sindicato Labrego

“O viño é un alimento”

*O vinteseite de marzal, representantes dos tres
sindicatos agrarios e D.O.'s asinaron un ma-
nifesto opoñéndose a introdución do viño na
Lei Integral en materia de drogodependencias
e outros trastornos aditivos en Galiza.*

■ **Por que non habería de
estar o viño nunha lei rela-
tiva ás drogodependencias
e sustancias aditivas?**

O viño é un alimento que
forma parte da nosa cultura
e tradición, asociado a dietas
saudábeis como a medite-
rránea ou atlántica, non á
“comida rápida” nin á “co-
mida basura”.

A adición ao viño só
acontece cando se consume
en cantidades elevadas, polo
que as xentes do sector de-
fendemos o consumo res-
ponsábel, moderado, asocia-
do as comidas.

As lambetadas que con-
sumen os nosos fillos e fillas
dende a máis tenra infancia
están menos controladas e
reguladas e non se di nada.

■ **Porén, cómpre algún tipo
de regulamento para o viño
ou o seu consumo habería
de ser libre, como o de cal-
quera alimento?**

O viño é o alimento máis
regulado e controlado, posi-
belmente polo seu com-
poñente alcólico pero xa ex-
isten normativas abundas.
Non obstante, estamos dis-
postos a entrar nunha maior
regulación do viño xunto
cos outros alimen-
tos e bebidas.

Por outra ban-
da, a realidade di-
nos que os/as
menores non beben
viño, senón que, ás
veces, toman outras

sustancias máis daniñas e
cando toman alcol fanno
asociado a bebidas doces e
gaseadas como a cola, e na
procura da embriaguez.

■ **Que lugar ocupa o viño
na cultura galega?**

O viño é un dos sinais
culturais mais antigos que
se coñecen e, polo tanto,
constitúe un elemento máis
da nosa identidade como
pobo.

Está presente na nosa
paisaxe, na nosa literatura,
na arquitectura tradi-
cional,... ate na relixión.

O viño é tamén un ali-
mento da alma e do espírito.

O sinxelo acto de beber un
viño está cheo de sensacións
olfactivas, gustativas e de
cor; recreámonos buscando
matices complexos, sen-
sacións, recordos; poñemos
a proba os tres sentidos para
o gozo con grande sensibili-
dade.

■ **Cales son entón os argu-
mentos do PSOE para em-
peñarse en incluír o viño
nesta lei?**

Certamente é un em-
peño que ademais foi o mo-
tivo para o cese de Elena
Salgado á fronte do Ministe-
rio de Sanidade, cando in-
tentou facer algo similar a
nivel de Estado.

Detrás deste tipo de nor-
mativas sempre se escon-
den intereses económicos.
As grandes multinacionais
queren acabar co sector do
viño porque non o dan con-
trolado, pódennos en canti-
dade e en prezo pero non en
calidade.

O viño é posiblemente a
bebida onde mais se mani-
festa a terra, os microclimas
e as practicas culturais dos
viticultores/as.

O viño di de onde é e co-
mo foi tratado, cóntanos o
tempo que
ten e que
vexetación
convive no
seu en-
torno.

Estas son
cuestións

que non se melloran en la-
boratorios, como moito sa-
canse malas imitacións, po-
lo que o viño converteuse
nun elemento diferencial de
loita contra a homo-
xeneización que nos queren
impoñer, e por iso as
grandes multinacionais non
son capaces a controlar to-
talmente o sector.

■ **Logo, que efectos ten
para a saúde?**

O viño até o século
dezanove foi considerado
unha medicina. Ademais,
existen numerosos estudos
que din que beber dous va-
sos de viño en cada comida

*Dende a súa consideración do viño como ali-
mento, Manuel Docampo debulla nesta entre-
vista algúns dos argumentos na contra da in-
clusión do viño nunha lei concebida para a
regulamentación das sustancias aditivas.*



Docampo é viticultor e elaborador de viño e augardente ecolóxico

**“Estas medidas lesionan profundamente
ó sector, carrexando que as
multinacionais se fagan co control, como
aconteceu coa cervexa”**

resulta beneficioso para a
saúde, sobre todo no relati-
vo as enfermidades cardio-
vasculares.

A maior parte dos nosos
maiores, que chegaron a
moi vellos, bebían viño nas
comidas. Estou convencido
que se beberan cola non
chegarían a tan lonxeos.

■ **É o vitivinícola un sector
en retroceso?**

É un sector económico
moi sensible, suxeito a
grandes cambios en pouco
tempo, pero ten a grandeza
de chegar a conclusión de
que só coa mellor calidade
seremos capaces de sobre-
vivir.

Fomos desprazados no
mercado da cantidade, e es-
tamos educando ao con-
sumidor/a, facéndolle ver
que é mellor beber pouco bo
que moito malo, e cando a
xente aprende a sentir as
marabillosas sensacións e

matices que proporciona un
bo viño, xa nunca mais será
un bebedor impulsivo na
procura da embriaguez.

Na Galiza o sector vitivi-
nícola non se atopa en retro-
ceso, a pesar da grande pre-
senza da Rioxa, temos cinco
Denominacións de Orixe e
tres Indicacións Xeográficas
de viños da Terra, estase a
medrar. O mais preocu-
pante é o envellecemento
dos/as viticultores/as, o
mantemento dun prezo nas
uvas que nos permita vivir
dignamente do noso trabal-
lo, e as políticas neoliberais
como a OCM ou esta mes-
ma “lei do botellón” que le-
sionan profundamente o
sector da vitivinicultura de
calidade, carrexando que as
multinacionais se fagan co
control absoluto da pro-
ducción e da comercia-
lización, como aconteceu xa
noutras bebidas.

Esta publicación está cofinanciada pela



DEPUTACION DA
CORUÑA

www.dicoruna.es

Sindicato Labrego Galego INFORMA:

Se solicitas as axudas do contrato de explotación sustentábel,
**FAI CONSTAR NA SOLICITUDE QUE QUERES
O ACONSELLAMENTO CO INGACAL.**

Se queremos que os servizos de atención e asesoramento ás explotacións sexan públicos e que se nos presten desde as oficinas agrárias comarcais, non podemos deixar pasar esta oportunidade.

**SOLICITAR O ACONSELLAMENTO CO INGACAL É A ÚNICA
GARANTÍA DE MANTER E RECUPERAR OS
SERVIZOS PÚBLICOS DE ATENCIÓN E ASESORAMENTO
PARA AS EXPLOTACIONES.**

Hai outras entidades, que tamén se van publicitar e facer campaña para que fagamos o aconsellamento con eles, pero ollo
“ninguén vende os pesos a catro pesetas”

Calquera entidade privada que queira facer ben o aconsellamento, á larga vai acabar cobrando por facelo, pois as axudas que van dar, aínda que dean as cuantías máximas non chegan para pagar o que costa.

Para mais información ponte en contacto co local do Sindicato Labrego Galego e
**ASEGÚRATE ben que na solicitude che poñen
O ACONSELLAMENTO CO INGACAL.**

Editorial

O aconsellamento: diñeiro público para privatizar os servizos de atención ás explotacións.

Para o Sindicato Labrego Galego vén sendo unha preocupación, dende que o Goberno galego dera hai moitos anos os primeiros pasos no inicio do desmantelamento das Axencias de Extensión Agraria, o recuperar e fortalecer os servizos públicos de atención as explotacións.

Cando se formou o goberno da Xunta de Galiza que temos na actualidade, pensamos que o feito de que a Consellería do Medio Rural estivera nans mans dun conselleiro nacionalista era unha garantía para a recuperación destes servizos públicos, pois no SLG eramos coñecedores da posición do BNG en defensa dos mesmos.

Na última reforma da Política Agraria Europea (PAC), a Comisión Europea estableceu a obriga para os estados membro de montar uns servizos de aconsellamento que puideran asesorar ás explotacións agrarias no cumprimento das obrigas que estableceu para poder acceder ao pago único.

Decir que este servizo pode prestarse desde a propia administración ou dende entidades privadas de todo tipo (sindicatos, cooperativas, empresas,...).

Compre recordar que quen está obrigado a poñer en marcha este servizo son as administracións e que as explotacións non teñen ningunha obriga de acollerse a eles para cobrar as axudas establecidas na política agraria europea.

Neste contexto e, no marco do programa de desenvolvemento rural galego, a Consellería do Medio Rural establece a obriga de facer aconsella-

mento para todas as explotacións que queiran suscribir o contrato de explotación sustentábel. Esta decisión sorprendeunos moitísimo e non entendemos esta opción de “ser máis papista que o Papa”, a non ser que no fondo esconda un cambio de posición de cara a desentenderse dos servizos públicos.

Postas así as cousas, no Sindicato valoramos que se agora a Consellería non aposta claramente por facer ela o aconsellamento, será dar o paso cara a privatización definitiva dos servizos públicos de atención ás nosas explotacións e, máis cedo que tarde, atoparémonos con que teremos que pagalos.

Na Dirección Nacional do Sindicato valoramos a posibilidade de facer nós este trámite pois dispoñemos de capacidade para facelo, igual que calquera outra entidade das que agora mesmo están ofertando facer o aconsellamento.

Chegamos á conclusión de que non imos facer o aconsellamento porque non queremos ser cómplices da privatización duns servizos que son fundamentais para a nosa actividade agraria.

A nosa batalla non está en conseguir “clientes” á costa de que os labregos e labregas perdamos dereitos. A nosa gran batalla e conseguir que sexa a administración galega quen ofrezca este novo servizo como un servizo público e de calidade.

Por esta razón prantexamoslle ao Conselleiro do Medio Rural que a Consellería faga o aconsellamento. O conselleiro asumía o compromiso de habilitar o INGACAL para este fin.

A nosa aposta centrouse e céntrase en informar e facer campaña para que os labregos e as labregas que van solicitar o contrato de explotación sustentábel coñezan o moito que está en xogo neste momento, e que fagan constar na solicitude que queren o aconsellamento co INGACAL.

De continuar con este camiño de privatización, chegará o momento en que as Oficinas Agrarias pecharán porque non terán funcións. A calidade do servizo deteriorarase porque non teremos diñeiro suficiente para pagar ó persoal técnico e moitas e moitos de nós, non pediremos as axudas porque nos costará máis pagar os trámites e o asesoramento do que imos cobrar.

Agora mesmo a Comisión Europea ofrece axudas para que fagamos entidades de aconsellamento. E nós preguntámonos ¿por qué non se invirte ese diñeiro en ampliar o persoal da administración para facer este servizo?

A resposta é clara, pretenden desfacer os servizos públicos e pretenden facernos morder o anzó: primeiro dannos unhas axudas e despois ou paga-mos ou non hai servizos.

Compre pois, gañar esta batalla e conseguir que o goberno galego adique os recursos económicos necesarios para dotar as oficinas agrarias comarcais das persoas e medios materiais necesarios para recuperar os servizos de atención as explotacións que tanto precisamos para desenvolver a nosa actividade e para recuperar a vida nun medio rural que sigue esmorecendo.

Xabier Gómez Santiso, Coordinador de Sectores Gandeiros do Sindicato Labrego Galego

“Manteremos as convocatorias de mobilización no sector lácteo”

Case un total de oito horas de negociacións foron as empregadas nas convocatorias da Mesa do Leite dos pasados 26 de marzal e 1 de abril. A petición dos sindicatos agrarios da Galiza, as partes implicadas no conflito pola baixada do prezo do leite sentaron a debater. Nembargante, e

pese a observárense certas melloras con respecto a outras reunións, semella que as presións exercidas até o momento pol@s gandeir@s non é suficiente para que as industrias admitan a pertinencia de establecer prezos xustos para o leite. Porén, as mobilizacións no sector, continúan.

Nas últimas semanas houbo dúas reunións da Mesa do Leite, convocatorias solicitadas polos tres sindicatos agrarios para tentar chegar a algún compromiso que evitara as baixadas de prezo anunciadas e aplicadas pola industria para o leite dos meses de febreiro e de marzo.

En ámbalas dúas quedou patente a cerrazón da industria, que se nega a cancelar estas baixadas de prezo.

Así as cousas, malia as mobilizacións que levamos feitas diante das industrias lácteas, o descenso do prezo representa unha media de 8 céntimos nos dous meses.

No entanto, o argumento esgrimido pola industria é que teñen nestes momentos máis leite do que dan comercializado, xa

“Malia as mobilizacións, o descenso do prezo é de 8 céntimos de media”

que “estamos nun pico moi grande de produción e nunha baixada do consumo”.

Este hermetismo obríganos aos sindicatos a estar permanentemente reunidos para seguir mantendo convocatorias de mobilización contra estas baixadas, das que pronto daremos conta.

Diante da oferta de prezo medio de campaña, a oferta da industria é de manter o prezo medio do ano pasado (2007) máis un incremento medio do 5 %, que podería chegar ao 10 % nalgunha industria.

Como o prezo medio do ano pasado foi de 0,3653 euros, esta oferta ven a significar un prezo medio para 2008 de entre 0,38 e 0,40 euros, o que nos parece moi escaso, xa que



Á esquerda, Xabier G. Santiso e Adolfo Cabarcos, representaron ao SLG nas negociacións

non cobre sequera o aumento de custos de produción do último ano, polo que a oferta está no ar.

Arestora, temos que valorar que as cousas están complicadas no inmediato, aínda que se albiscan posibilidades de compromisos cara os meses de verán.

Malia todo, non todo foi frustración no transcurso destas reunións, e hai aspectos que debemos valorar como moi positivos e novi-

“Por primeira vez chegouse a falar en serio de prezos, cousa que, até o de agora, fora historicamente tabú”

dosos, se os comparamos co que estaba pasando na Mesa fai un ano.

Por primeira vez, este ano chegouse a falar en serio de prezos, cousa que ata agora fora historicamente tabú.

Tamén foi a primeira vez que se abordou a necesidade de ter en conta os custos de produción para a configuración do prezo.

Neste senso, a industria chegou a dicir que deberíamos “chegar a un prezo xusto que cubra custos, traballo e un 10 % de reinvestimento”.

Tal compromiso vén sendo a reivindicación básica do SLG dende hai moito tempo e alédanos escoitala noutras bocas.

Contratos homologados, unha boa ferramenta

Os contratos homologados, outra das nosas reivindicacións históricas, tamén van tomando forma pouco a pouco, e pódense converter nunha ferramenta moi útil á hora de fixar prezos e cumprir acordos: o compromiso é telo rematado a primeiros de maio. A ver se é verdade.

Porén, temos unha situación complicada no inmediato, que nos vai a obrigar a seguir mobilizándonos, e dentro deste contexto mobilizador debemos ir pensando na posibilidade de suspender entregas de leite como medida de presión, aínda que se vaian proponendo outro tipo de mobilizacións.

E, por outra banda, hai unha expectativa de recuperación de prezos a medio prazo que poida permitir que o presente non sexa un ano pésimo.

Polo medio, unha fiesstra aberta a ir dotando ao sector de ferramentas que permitan unha estabilidade e unha transparencia que hoxe non temos.

“O hermetismo da industria obríganos aos sindicatos a estar permanentemente reunidos para seguir mantendo convocatorias de mobilización contra estas baixadas, das que pronto daremos conta”



Mobilizacións perante as industrias lácteas Puleva e Lactogal-Celta o 6 e 13 de marzal

Éxito das charlas sobre a menopausia organizadas en Ordes

O pasado xoves seis de marzo celebrouse na Casa da Cultura de Ordes unha charla sobre a saúde das mulleres baixo o epígrafe “A menopausia. Cambios hormonais e saúde mental”. Este tema foi elixido coa colaboración da Coordinadora Comarcal de Mulleres da comarca de Ordes,

mulleres afiliadas coas que se ven facendo un traballo xa dende moito atrás. Sonia Rosende Lamas e Lucía García Martínez, responsábeis da Secretaría da Muller na Comarca de Ordes, elaboraron a seguinte crónica informativa onde dan conta do desenvolvemento desta actividade.

A menopausia, é un tema “tabú” para moitas mulleres, e, como non dicilo, tamén ás veces para a propia sociedade. Sen embargo, o fin e o cabo é unha fase da vida que imos a ter que pasar todas as mulleres. Este foi o tema que decidimos para a primeira charla deste ano da Comarca, xa que pensamos que a información sobre o mesmo é bastante escasa.

Para esta charla contamos coa colaboración de Mari Carmen Botana Fernández, unha das mulleres responsables do Centro de Información ás Mulleres de Ordes, que, a parte da súa colaboración desinteresada, cedunos o local e axudounos coa publicidade da charla.

A persoa que impartiu a charla foi Conchita Rei Iglesias a muller do PAC de Tordoia. Unha muller encantadora, dinámica, pero sobre todo atenta e involucrada con todos os temas relacionados coa muller.

Así é, que a charla que estaba programada para dúas horas se alongou até case as 4 horas de duración.



Arestora promóvense medidas máis naturais para aborda-la menopausia. Permanecer sexualmente activa para preservar a elasticidade da vaxina ou facer tai chi substitúen hoxe en día ás terapias de reemplazo hormonal

Conchita Rei explicou a tódalas mulleres presentes, dunha maneira cercana, a fase da premenopausia e menopausia no corpo dunha muller, síntomas, sensacións, agobios, depresións....

as relacións coa parella nesta fase, como actuar, que comer, etc.

Aínda que o punto central da charla foi a menopausia, segundo Conchita Rei iba falando e comentando, as asistentes iban ex-

poñendo as súas dúbidas e participando, así foi que na charla falou tamén doutros temas como os anticonceptivos, as relacións de parella, a muller fai trinta anos.

O número de explotacións diminuíu en 178.000 dende o ano 1999 até o 2005

Co obxecto de obter información sobor da situación real do noso rural, Lucía López do Castro, socióloga do SLG, vén de elaborar un completo estudo que aborda, entre outros aspectos, as características das explotacións galegas.

Neste senso, un dos primeiros datos que cómpre ter en conta é que o número de explotacións diminuíu no período que vai de 1999 a 2005 máis que nos sete anos anteriores: un 66% das explotacións deixaron de funcionar.

Se no ano 1962 había no noso País 432.666 explotacións, no 1999 pasaron a 270.053 e no 2005 tan só se contabilizaron 91.860.

Asemade, no 1999 o número de explotacións puramente agrícolas era moi similar ás puramente gandeiras; no 2005 estas chegan a duplicar ás primeiras.

Esta recesión no número de explotacións vai acompañada dunha diminución na superficie agraria total, habendo no 2005 pouco máis da metade da que se tiña no 1999.

Malia todo, o estudo revela un leve incremento da Superficie Agraria Útil (SAU) por explotación. Este dato, que en principio semellan contradictorios, gardan explicación en distintas causas.

O número de explotacións minora, sobor de todo, pola desaparición dunha moi elevada

proporción de granxas de pouca superficie útil -menos dunha hectárea-, co cal se produce un cambio estrutural do sector.

De tódolos xeitos, hai unha tendencia a que as explotacións aproveiten cada vez máis a súa superficie para usos especificamente agrarios, sobor de todo as de maior tamaño, de aí que a SAU aumente.

Ademáis, o estudo reflicte que namentres no grupo das explotacións mixtas e puramente agrícolas se perden hectáreas, o grupo das puramente gandeiras gáñaas.

Por último, a SAU por cultivos incrementase nos sectores de Cereais, horticultura e viticultura, reducíndose nos restantes.

Isabel Vilalba, Secretaria de Servizos ao Medio Rural e Soberanía Alimentar do SLG

“Defender a nosa lingua para defender os intereses da nosa xente”

Nos últimos tempos estamos a asistir a un claro ataque contra a lingua galega ou calquera outro símbolo ou elemento da nosa identidade, como, por exemplo, o coñecemento da historia de Galiza ou o coñecemento do himno. As posturas de rexeitamento da nosa lingua agroman nun

momento no que hai unha importante perda de falantes e no que o único certo é que existen moitos ámbitos nos que o emprego da nosa lingua segue a ser minoritario. Ademais, é tamén preocupante o descenso do emprego da nosa lingua n@s máis mox@s, o futuro do País.

Segundo o Mapa Sociolingüístico de Galiza, na década de 1990 o grupo de persoas maiores de 65 anos tiña como lingua inicial o galego nun 81,8 %, fronte ao 34% das que tiñan entre 16 e 20 anos.

Ao líder Popular, Mariano Rajoy, preocúpalle que os nenos e as nenas estudien galego e afirma abertamente a súa actitude moito máis favorábel a que aprendan inglés e mesmo chinés.

E todo isto nun contexto no que se tenta reducir á mínima expresión calquera sinal de identidade da mocidade, e mesmo a súa formación como persoas, co deseño dun espazo único europeo de formación superior, que en grandes trazos vai supor un menor tempo de formación, unha boa parte dese tempo con traballo en empresas, e a redución á pura anécdota de materias como a filosofía, lingua e a historia.

Estase a artellar un sistema formativo que ten como único fin subministrar man de obra sen ningún tipo de conciencia crítica e uns coñecementos verdadeiramente limitados ás grandes empresas, co fin de crear unha dependencia total da clase traballadora.

Xa lle achegará a empresa, a través dos planos de “flexiseguridade” a formación que a ela lle conveña, nas condicións que lle conveñan e o pagamento será igual ou inferior a dereitos básicos que aos traballadores e traballadoras se lles terán

eliminado previamente.

O ataque á nosa lingua está a ser liderado polos sectores máis representativos da extrema dereita, que consideran que as reivindicacións nacionais son un atranco para as súas políticas imperialistas, que buscan unicamente a acumulación do capital sen ningún tipo de barreira.

Recentemente a cadea COPE denunciou á maxistrada do xulgado do social número 2 de Santiago de Compostela, Ana López-Suevos, acusándoa de “sectarismo e partidismo” por ter permitido o emprego do galego nun xuízo.

O ataque á nosa lingua está a ser liderado polos sectores máis representativos da extrema dereita, que consideran que as reivindicacións nacionais son un atranco para as súas políticas imperialistas



É recorrente ata o fastío, o ataque ao galego e ás linguas do Estado diferentes do español por parte desta emisora de radio, que representa claramente os intereses da dereita máis reaccionaria.

O imperialismo económico, nacional e mesmo cultural amósase sen ningún tipo de limitación, procurando mesmo o retroceso dos exiguos avances experimentados nos procesos de normalización da nosa lingua, e mesmo dos acordos sobre uns mínimos que deron como froito a Lei de normalización

lingüística de 1983.

Convén non esquecer que o galego diminúe progresivamente como lingua de emprego habitual conforme é menor a

**Se
queres ser universal,
fala da túa aldea**

idade das persoas, conforme é maior o carácter urbano do seu lugar de residencia e tamén en relación con unha escala social máis elevada.

Os argumentos empregados polos sectores que atacan o galego son abso-

lutamente falsos e só se explican dende a concepción que teñen, mesmo sendo galegos de nacemento, de que todo o que é da nosa terra ten menor valor e todo o que é progreso vén de fóra.

Esta idea de Galiza como colonia fai que unha vez e outra descubramos nestes sectores como prioridade a defensa de intereses foráneos, e o esquecemento total dos intereses económicos, sociais e culturais de Galiza.

O SLG acredita moito máis na máxima que di: “Se queres ser universal, fala da túa aldea”.



Mobilizacións en Madrid o pasado vinteseite de marzal

O SLG solicita que se repoña a redución por adquisición de gasóleo agrícola e que se aproben con urxencia os índices de rendimento neto reducido

O Ministerio de Economía e Facenda suprime a redución por adquisición de gasóleo agrícola e plásticos ou fertilizantes que se viña aplicando en exercicios anteriores, e do que se beneficiaban os/as labregos/as e gandeiros/as que tributan en estimación obxectiva no IRPF.

Segundo se pode comprobar na versión do PADRE (Programa de Axuda para a Declaración da Renda) do exercicio 2007, que puxo a disposición a Axencia Tributaria na súa web, as reducións por adquisición de gasóleo agrícola (35%) e plásticos e fertilizantes (15%), que viñan aplicando en exercicios anteriores os/as labregos/as que tributan polo método de estimación obxectiva (módulos) non van ser de aplicación na declaración do IRPF do exercicio 2007.

Esta redución viña recoñecer e compensar en parte o impacto dos incrementos dos prezos dos derivados do petróleo nas economías dos/as labregos/as.

Desde o Sindicato Labrego Galego valoramos moi negativamente esta medida. Resulta insultante que, no momento en que os prezos dos carburantes e demais derivados do petróleo que se utilizan na agricultura alcanzaron as cotas mais altas da historia, con un incremento no último ano de mais do 100% nos prezos dos fertilizantes, a ignorancia ou a insensibilidade do Ministerio de Economía e Facenda perpetre este novo atentado contra as

economías dos labregos e labregas deste país.

Desde o SLG consideramos que se está a tempo de subsanar este grave erro, que podería derivar nun incremento da carga impositiva que soportan as explotacións, precisamente nun momento no que a actividade agraria e gandeira está a vivir unha das etapas de menor rendibilidade.

No mesmo sentido, reclamamos que, con urxencia e para a súa aplicación no exercicio 2007, se aproben índices de rendimento neto reducidos para aqueles sectores mais afectados polo incremento dos custes de produción e a caída dos prezos.

Este é o caso da gandería de vacún de carne e de leite, así como da gandería independente.

Esta medida tería como obxectivo chegar ao "módulo cero" naqueles sectores nos que as explotacións están a rexistrar perdas por ter que vender o seus produtos por debaixo dos custos.

Esta reivindicación xa foi formulada polo Sindicato Labrego e pola COAG diante do Ministerio de Agricultura, en mobilizacións que se realizaron en Madrid nos últimos meses, e que o SLG vai retomar se non se atenden as demandas formuladas.

O SLG esixe que se repoña a redución e que se aproben con urxencia índices de rendimento neto reducido, nomeadamente naqueles sectores máis afectados polo incremento dos custes de produción e a caída dos prezos.



O SLG presenta un estudo sobre a seguridade vial no noso agro

O Coordinador de Formación do SLG, Antonio Ferreiro, vén de presentar un estudo sobor da seguridade vial no rural no marco das primeiras Xornadas de Prevención de Riscos Laborais na Maquinaria Agroforestal, celebrada recentemente en Santiago de Compostela.

Trátase dunha iniciativa pioneira no noso País, elaborado conxuntamente polo Sindicato Labrego Galego e a Empresa ECOAGA, S.L.

A análise está estruturada en cinco apartados e analiza en profundidade as causas estruturais e coxunturais da elevada siniestralidade vial no noso medio rural.

Tamén establece unha serie de recomendacións, de medidas a adoptar a corto e a medio prazo, que conlevarían unha mellora sustancial da situación actual.

Quíxose facer especial fincapé naqueles riscos que pode provocar o uso da maquinaria agrícola a terceir@s, así como nos riscos que corren quenes a manexan a cotío.

Este estudo foi realizado co apoio e axuda de diversos organismos estatais e autonómicos: a Consellería do Medio rural, a Dirección Xeral de Tráfico, a Inspección técnica de Vehículos, a Seguridade Social, o Instituto Galego de Estadística e a Garda Civil de Tráfico.

Tamén se contou coa colaboración dalgunhas entidades privadas, maiormente mutuas de accidentes.

Para completar a información base do estudo, leváronse a cabo dúascentas enquisas realizadas en dez comarcas de especial importancia agropecuaria.

CONCUSIÓNS DO ESTUDO SOBOR DA SEGURIDADE VIAL NO RURAL

- Necesidade dunha transformación metodolóxica que implique unha computación da "siniestralidade real", xa que non se reflexa nas estadísticas oficiais actuais.
- Actualización do ROMA (Rexistro oficial de maquinaria agrícola)
- Adaptación do parque de maquinaria existente ás novas esixencias normativas en materia de seguridade.
- Cómpre establecer medidas que proporcionen coherencia interna á lexislación existente na materia, dados os abundantes casos de contradicións normativas e por tanto de inseguridade xurídica, que afectan a este ámbito.
- Necesidade de establecer medidas de especial consideración cara o grupo de condutores de idade máis avanzada,
- Intensificación dos controis de seguridade da maquinaria a través do sistema de inspeccións técnicas, plans de mellora da seguridade do parque de tractores e máquinas agrícolas.
- A confección dunha guía de boas prácticas na utilización da maquinaria, similar, por exemplo, á "Guía de boas prácticas agrarias" que existe noutro ámbito da actividade agraria.
- Medidas específicas para a formación de novos/as usuarios/as de maquinaria,
- Elaboración de material formativo específico
- Medidas especiais para os tipos de accidentes máis frecuentes.

O SLG esixe a revisión da regulamentación do comercio da pataca

Cómpre urxentemente a mellora dos controis das marxes comerciais e o establecemento de sancións

A falla de sistemas que regulen a produción de pataca na UE, a competencia de terceiros países con prezos por debaixo dos costes de produción, a competencia desleal dos propios envasadores, comprando patacas foráneas de baixa calidade a baixos prezos e vendéndoas como pataca galega, e o abuso da distribución nos marxes comerciais, non auguran bos tempos para o sector produtor de pataca. O SLG esixe que se minimicen os impactos sobre a economía d@s produtores e produtoras, mantendo deste xeito un mundo rural vivo.

As marxes comerciais abusivas d@s maioristas e da propia distribución, tentan xustificarse polas perdas ocasionadas das mermas, dos destríos e dos gastos de envasado e transporte.

Na realidade, simplemente atenden aos beneficios récord destas multinacionais da distribución e de intermediarios.

Datos do Ministerio de Agricultura sinalan que no mes de marzo o prezo medio da pataca en orixe ao produtor foi de 0,13 €/kg, sendo o prezo de venda ao público de 0,79 €/kg.

Isto dá lugar a un diferencial no marxe comercial dos intermediarios dun 600%, nun produto alimentario que se comercializa en fresco e no que non sofre ningún tipo de tratamento ou transformación até chegar ao/a consumidor/a.

O Sindicato Labrego Galego leva dende hai tempo demandando ás distintas Administracións o control das marxes comerciais, dado que van en perxuízo tanto d@s produtores/as como d@s consumidores/as, así coma que se establezan medidas sancionadoras a estas prácticas abusivas, que só favorecen a uns/unhas pouc@s intermediari@s.

Esta situación crónica xuntouse nesta campaña con outras problemáticas que existen no sector da pataca, como son as crises periódicas debido a sobreproducción de patacas no mercado europeo ao non ter ningún sistema de regulación como unha Organización Común de Mercado (OCM).

A campaña 2006-2007, de maneira xeral, pódese falar dun incremento da produción comunitaria, debido principalmente aos



O prezo medio da pataca pagado ás produtoras/es foi de 0,13 €/kg, o prezo de venda ao público foi de 0,79 €/kg. Os/as intermediarias neste negocio poden chegar a acadar un beneficio do 600%

mellores rendementos, nos principais países produtores como Francia, Holanda, Belxica, Alemaña e Gran Bretaña, cun incremento do 8% con respecto o ano anterior.

Producción europea

En **Gran Bretaña** a área de cultivo aumentou no 2007, mais as abundantes choivas dos meses de maio, xuño e xullo provocaron perdas importantes.

A colleita estimouse en 4,7 millóns de toneladas, o que supón un descenso do 1% respecto do ano anterior.

No 2008 espérase estabilidade en canto a superficie e produción. A pesares do alto prezo dos cereais, a especialización das explotacións produtoras da pataca evita que haxa un cambio brusco ao cultivo de cereais.

A superficie en **Francia** mantívose practicamente estábel con respecto a 2006, unhas 104.700 ha., inda que a produción de 2007 elevouse uns 4,7 millóns de toneladas.

As expectativas de superficie sementada para a campaña 2008 non son moi superiores con respecto ás de 2007.

Ademais, en **Francia** cultívanse variedades tipo Spunta ou Liseta que, ao lavarse, parecen novas, e que se venden a importes moi baixos que fan retroceder os prezos da pataca nova.

En **Holanda**, a produción foi elevada e as cantidades á transformación mantivéronse estábeis. As exportacións aumentaron un 11% en 2007 con respecto a 2006.

En **Belxica** rexistrouse un incremento dun 10%, en 2008 espérase que parte dos terreos adicados á remolacha sucreira se adiquen a prantacións de pataca, ao ser cultivos semellantes no sistema productivo e maquinaria.

En **Alemaña** a produción total ascendeu a 11,6 millóns de toneladas, aumentando con respecto ao ano anterior.

Para a campaña 2008 pre-

vese unha diminución da superficie cultivada entre un 3-4%, pero si as condicións meteorolóxicas son boas, a produción pode chegar á media dos últimos anos.

En **Italia** a produción no 2007 ascendeu arredor dos 1,8 millóns de toneladas, mais os rendementos diminuíron nun 10% e a produción total reduciuse entre un 4 e un 5% respecto a 2006.

En **Polonia** as cifras de produción para 2007 foron un 31% máis que en 2006, totalizando 11,8 millóns de toneladas. Esperase que a produción no ano 2008 se reduza a 10-10,5 millóns de toneladas.

Na **República Checa** a colleita de 2007 foi boa e agárdase unha diminución da produción de pataca para 2008.

Países non comunitarios

En **Egipto** a produción ascendeu a 2,2 millóns de toneladas en 2007 e arredor de 240.000t. foron exportadas a UE.

Para 2008 esperan unha produción de 2,5 millóns de toneladas. Os prezos de exportación sitúan en torno a 600 €/Tn, namentres que os prezos no mercado local son tan só 200-300 €/Tn.

En **Israel** dun total de produción de 600.000 Tn, exportáronse a UE 380.000 Tn.

Producción estatal

En canto ao Estado español pasouse dunha superficie de 87.199 ha no 2006, ás 89.240 ha no 2007. Prevese que diminúa no 2008, voltando ás cifras de 2006. As cifras de produción mostran sen embargo maior estabilización arredor dos 2,5 millóns de toneladas.

Producción na Galiza

A produción de pataca en Galiza tivo unha boa colleita en volumen e calidade. Os prezos mantivéronse ben nos primeiros meses, pero a partires do Nadal comezaron a descender por embaixo dos custos de produción.

A falla de sistemas que regulen a produción de pataca a nivel da UE, a competencia de terceiros países con prezos por embaixo dos custos de produción, a competencia desleal d@s propi@s envasadores -comprando patacas foráneas de baixa calidade a baixos prezos e vendéndoas como pataca galega-, así coma o abuso da distribución nas marxes comerciais, non auguran bos tempos para o sector produtor de pataca.

Porén, o SLG esixe ás distintas administracións medidas que minimicen os impactos negativos sobor da economía d@s produtores e produtoras.

A asociación FROUMA participou na segunda edición da feira FORESGAL

Máis de dezaseis mil persoas acudiron á feira reafirmando a importancia que o sector ten para o noso País

Os días 28, 29 e 30 de marzo tivo lugar no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo a segunda edición de Foresgal, feira profesional do sector forestal galego organizada polo Servizo de Montes e

Industrias de Lugo, a Consellaría do Medio Rural e a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo. Cun carácter netamente profesional, deu cabida ás últimas novidades e avances

relacionados con sectores como a repoboación forestal, a silvicultura, o aproveitamento mixto, a xestión da biomasa, a industria madeireira e o I+D+I entre outros.

O Foresgal nace debido á importancia que o sector forestal ten na Galiza, sector que resulta punteiro en produción, investigación, conservación e comercialización.

Que a súa celebración teña lugar na cidade de Lugo non é casual, pois o 33% do monte arborado galego pertence á provincia de Lugo.

Nembergantes, o seu carácter sectorial non estivo rifado coa súa apertura a toda a sociedade, comprobándose este último feito no número de visitantes: máis de 16.000 persoas acudiron á feira durante os tres días que permaneceu aberta.

O público asistente ao Foresgal, ademais de visitar os diferentes expositores, tivo oportunidade de participar nas numerosas actividades programadas, tales como charlas técnicas sobre a construción en madeira, o aproveitamento da biomasa, a planificación forestal, o circuíto de motoserreas e traballos do monte, as demostracións de ma-

“O 33% do monte arborado galego pertence á provincia de Lugo”

quinaria, as exhibicións de corta, os xogos populares ou o campionato de billar ou de motoserreas.

Tamén se realizaron sesións de contacontos, con historias relacionadas co monte e a súa riqueza.

Intercambio de materiais

A Asociación Frouma, tal e como fixo o ano anterior, acudiu ao Foresgal cun stand no que mostrou as actividades realizadas no



Membros do persoal técnico de Frouma resolveron dúbidas e proporcionaron materiais informativos ás/os asistentes

último ano, así como os proxectos desenvolvidos, tanto con propietarios e propietarias particulares, como con comunidades de montes veciñais en man común.

As persoas que se achegaron ao posto da Asociación fíxoselles entrega dunha publicación sobre a nova lexislación en materia de incendios forestais, as Unidades de Xestión Forestal e o Banco de Terras de Galiza, e dun CD con información básica sobre o monte: unha breve introdución histórica, apuntes sobre as funcións produtiva, protectora e social do monte, unhas pautas iniciais sobre a ordenación do espazo forestal, un resumo sobre a ecoloxía do monte, a importancia socio-económica das actividades agroforestais e unha presentación sobre as novas alternativas de emprego no rural, con casos prácticos levados a cabo pola Asociación.

Ademais, José Antonio Teiga Pensado e Mariam

Ferreira Golpe, membros do persoal técnico de Frouma, atenderon múltiples consultas e resolveron dúbidas a todas aquelas persoas que

se pasaron polo stand da asociación na procura de información.

O persoal de Frouma aproveitou tamén a feira

forestal Foresgal para realizar intercambios de información e formación con outras entidades asistentes ao evento neste ano.



O Foresgal nace debido á importancia que o sector forestal ten na Galiza, sector que resulta punteiro en produción, investigación, conservación e comercialización.

Nos debates dos regulamentos das D.O. do viño

Apostar pola calidade para vivir dignamente do noso traballo

O Sector do viño do Sindicato Labrego Galego está a debater sobre os regulamentos de cada unha das nosas Denominacións de Orixe.

Trátase de unificar posturas e definir entre todas e todos @s afiliad@s do viño cal é o posicionamento do SLG en cada unha das cuestións que encerran os regulamentos.

Logo do debate nas comarcas pasarase á Dirección Nacional do Sector Vitivinícola, para seguidamente presentalo e discutilo con todo o sector.

Os principios que inspiran este debate son os mesmos que se presentaron ao sector do viño nas recentes eleccións a consellos reguladores: a procura da maior calidade baseada na defensa das nosas variedades, da nosa cultura vitivinícola, da nosa Terra e dos homes e mulleres que traballan as viñas como ferramenta de supervivencia e estabilidade do sector vitivinícola.



A nosa afiliación está a fixar as posturas que o SLG manterá nas comarcas

“Para o SLG resulta imprescindible a maior participación posíbel na toma de decisións do que serán as pautas que rexirán en cada ribeira nos vindeiros anos. Desta depende, en certa medida, o futuro do sector.”

Debe existir un debate coa maior participación posíbel de todos os sectores coa maior implicación posíbel nesta que será a normativa da que nos imos dotar, e que definirá o futuro da viticultura, así coma os tipos de viños que entrarán no mercado.

A limitación de tratamentos e produtos químicos, a prohibición de usar transxénicos, unha maior limitación da produción e dos rendementos son algunhas das cuestións novas e de gran importancia que o SLG propón.

Pero este esforzo e compromiso dos viticultores e viticultoras debe ser recoñecido polo sector produtor coa fixación de prezos estables e dignos para a uva de xeito que se poida vivir deste traballo.

Ao mesmo é fundamental dotar aos consellos reguladores de Denominacións de Orixe dunha estrutura participativa, áxil e transparente que remate co presidencialismo existente.

Manuel Docampo, Responsábel do Sector Vitivinícola no Sindicato Labrego Galego

Fóra o viño da “Lei do Botellón”

A Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia xa sacou a exposición pública unha proposta de “Anteproxecto de Lei Integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos en Galicia”.

Esta iniciativa lexislativa identifica ao viño como un produto que xera trastornos aditivos no marco dun texto que trata de legislar sobre materias estupefacientes, polo que no Sindicato Labrego Galego opoñémonos, e como xa explicamos no Fouce 260 do mes de xaneiro, non estamos dispostos a que o viño perda o seu carácter de alimento nas dietas mediterránea e atlántica, así coma o de elemento fundamental da nosa cultura, da nosa

paisaxe e da nosa identidade como pobo. E non imos permitir que a Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia converta ao viño nunha droga, baseándose só no seu contido de alcohol e omitindo os aspectos positivos que esta bebida ten no seu consumo moderado e asociada á gastronomía.

O viño non é o problema, polo que non debe vincularse co desaxuste social que supón o consumo abusivo de alcohol entre a mocidade.

Ben ao contrario, as mesmas pautas de moderación e consumo controlado, dentro dunha dieta equilibrada, que se dan no viño, poden e deben servir de exemplo fronte ás desordes e consumos



O manifesto salienta a importancia do sector para múltiples aspectos do noso País tales coma o desenvolvemento do rural ou a protección do medio ambiente.

inade cuados de alcol e outras sustancias.

Neste contexto, os representantes das cinco Denominacións de Orixe galegas e dos tres sindicatos agrarios (SLG,

XX.AA. e UU.AA.) asinamos o 27 de marzo un manifesto solicitando o recoñecemento da singularidade do viño e reclamando a retirada do mesmo desta proposta nor-

mativa.

Así mesmo, amosamos unha total disposición para participar na elaboración dunha lexislación propia propia para o viño.

Preséntase en Compostela a

PLATAFORMA GALEGA ANTITRANSXÉNICOS



Isabel López (APEGA), Fins Eirexas (ADEGA), Charo Sánchez Parga (SLG) e Ana Lía Moares Lameiro foron @s voceir@s na presentación da Plataforma Galega Antitransxénicos, que agrupa, até o de agora, vinteun colectivos anti OXM's

Dende o SLG, levamos moitos anos de loita contra os transxénicos (Oxm's), xa polo ano 1998 fixemos o primeiro seminario no noso País e dende aí até o de agora seguimos na loita.

A introdución dos Oxm's na agricultura responde aos intereses dunhas poucas multinacionais da biotecnoloxía que intentar forzar a entrada destes alimentos a pesares do rexeitamento da maioría do sector labrego e consumidor.

Quen nos preguntou se queriamos poñer as nosas leiras en mans das grandes multinacionais?

O baremo dos dez anos de cultivos modificados xeneticamente reforza o noso posicionamento:

Contaminación de producións, resistencia de malas herbas e superpragas, perda de contratos, aumento de agrotóxicos, dependencia das agroindustrias ou a expulsión dos pequenos e pequenas labregas dos ciclos produtivos, son algunhas das consecuencias da introdución dos organismos xeneticamente modificados na agricultura.

Os casos documentados de contaminacións con Oxm's poñen en perigo a base do sistema alimentario: as sementes.

A posibilidade dunha contaminación irreversible do subministro de sementes é tan grave que esixe que o Principio de Precaución polo que se rexen as políticas eu-

ropeas se aplique neste caso rigorosamente. As sementes son patrimonio da humanidade.

Como labregas e labregos somos parte activa nesta loita e debemos defender o noso dereito como pobo á

**A nosa
soberanía e a
nosa seguridade
alimentar de-
penden da nosa
biodiversidade e
da riqueza do
noso pobo,
froito do
coñecemento
transmitido de
xeración en
xeración**

Soberanía Alimentaria, o dereito a decidir sobor das nosas políticas agrarias, a decidir como queremos unha alimentación á nosa cidadanía, o dereito a producir alimentos sáns e de calidade.

Os Transxénicos poñen en perigo a nosa cultura e saberes tradicionais cuestionando directamente o noso futuro como labregas e labregos.

A nosa soberanía e a nosa seguridade alimentar dependen de da nosa biodiversidade e da riqueza do noso pobo, froito do coñecemento transmitido de xeracións en xeracións.

Isto non é unha "libre elección", coma nos queren facer ver dende as multinacionais e certos gobernos permisivos, incluído o do estado Español, é unha imposición.

Véñennos a dicir que os Oxm's van acabar ca fame no mundo, e iso xa nolo dixeran alá polos anos 60 coa introdución dos agrotóxicos e a tan falada Revolución Verde. Mais a fame no mundo non é un problema de falla de alimentos é un problema de desigualdade social, económica e política.

Que non nos conten contos. Falamos dunha agresión ó noso País que non ten volta atrás.

Esixamos ó noso goberno que garanta o dereito a producir e consumir unha alimentación ceibe de Oxm's.

Declara a túa explotación ceibe de transxénicos.

Infórmate no teu local desta campaña e facilitarache a información e documentación necesaria.

Sexamos activas e activos e colaboremos na loita.

Adhesión do CRAEGA á Plataforma Galega Antitransxénicos

O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica da Galiza (CRAEGA) vén de adherirse á Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) a petición de Charo Sánchez Parga, vogal do Sindicato Labrego Galego no pleno celebrado o pasado 28 de marzal.

Asemade, nesas días producíronse as adhesións da Asociación Antiespeculación do Val do Dubra, a Fundación Sen Esquencer (Val do Dubra, Info-Transxénicos (Tui) e Veterinari@s Sen Fronteiras, integrando arestora a plataforma un total de vinteun organizacións baixo un mesmo obxectivo: declarar Galiza zona ceibe de transxénicos.

Neste senso, semella que a presión e a alarma social comezan a dar os seus froitos. O mesmo día no que o CRAEGA se adscribía á loita antitransxénica, o concello de Lalín acordou "pedir á Xunta e ao Goberno central que declare de forma inminente o concello de Lalín como zona ceibe de transxénicos, amosando un rexeitamento claro á experimentación con este tipo de cultivos e calquera introdución destes no proceso alimentario, ao carecer de suficientes garantías ambientais e sanitarias."

Ademáis, segundo publicou A Voz de Galicia o 27 de marzal, Francisco Villarino, edil do BNG, apuntou que a formación nacionalista e Medio Rural manteñen unha postura contraria aos organismos xeneticamente modificados, mais o noso País non conta coas competencias para actuar.



140 mulleres no encontro da Secretaría das Mulleres

Durante tres días, as mulleres do SLG debateron sobre diferentes temas actuais

Desta vez, a reunión anual da Secretaría das Mulleres tivo lugar en Muxía o 14, 15 e 16 de marzal. Soberanía alimentaria, o papel das mulleres na agricultura industrializada ou a repercusión das grandes instalacións para

acuicultura na vida da xente que vive da terra e do mar, así como na vida da cidadanía en xeral dos lugares nos que pretenden instalarse, foron algunhas das temáticas abordadas ao longo destes días de convivencia.

As mulleres, productoras da meirande parte da alimentación do mundo, arredor dun 80% nos países máis empobrecidos, son o colectivo que máis sofre as consecuencias das políticas neoliberais, que están a destruír os postos de traballo de miles de labregos e labregas en todo o mundo.

As políticas agrarias industrializadas, que perseguen a obtención de materias primas baratas (leite, carne, patacas, hortalizas, uvas...) coas que as grandes empresas consigan o máximo beneficio, están a arruinar miles de explotacións familiares en todo o mundo.

Moitas destas explotacións non son quen de aguantar as condicións de prezos, os prazos de pagamento ou non teñen a posibilidade de achegar as enormes cantidades de produción que esixe a gran distribución.

Esta agricultura industrializada acada a produción de grandes cantidades de alimentos homoxéneos e baratos empregando gran número de pesticidas e agrotóxicos, que teñen unha repercusión moi negativa na saúde das mulleres e tamén da súa descendencia.

Un dos momentos máis emotivos das xornadas foi a visualización dun vídeo elaborado pola organización chilena Anamuri, con nenos e nenas que presentan graves malformacións conxénitas, directamente relacionadas coa exposición d@s seus/súas proxenitores/as a praguicidas.

Estamos ademais ante un proceso de privatización dos recursos naturais, como a auga ou as sementes, que deixa o control da alimentación e destes recursos nas mans de grandes compañías que podan pagalos.

Unha vez máis as labregas non dispoñen dos recursos básicos para desenvolver



En clave feminina, abordáronse temáticas que arestora fundamentan a actual orde mundial

a súa profesión, e mesmo para alimentar aos seus pobos.

Soberanía Alimentaria

O modelo neoliberal, está na base de grande parte da pobreza do mundo, e mesmo na causa de moitas migracións forzadas e do emprego da violencia para a apropiación dos recursos naturais, incluso coa expulsión das súas terras do campesiñado para a expansión dos monocultivos (soia, agrocombustibles, eucaliptos...).

Na súa contra, a soberanía alimentaria coloca como principio básico o dereito á alimentación da cidadanía (alimentación suficiente, nutritiva e saudábel), ó mantemento de emprego digno para as labregas e labregos, en pé de igualdade, así como á sostibilidade social e medio ambiental.

Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG., realizou un relatorio sobre as repercusións da agricultura industrializada na vida das mulleres.

Un dos apartados funda-

mentais xirou sobre a enorme cantidade de proxectos que é posíbel levar á práctica co fin de obter unha renda digna para as labregas, achegar alimentos de calidade para a cidadanía e procurar manter o medio rural vivo.

Mulleres de Merexo en loita

As mulleres de Merexo (Muxía) achegáronnos a súa experiencia de loita contra a implantación dunha gran instalación acuícola neste lugar de extraordinario valor natural e paisaxístico, que o sábado pola tarde tivemos a oportunidade de coñecer.

Sen contar coa cidadanía, nin coas profundas repercusións en toda a vida da veciñanza, e mesmo nas actividades económicas actuais (agricultura, marisqueo, turismo...), a Xunta decidiu a aprobación dun proxecto que supón a ocupación dun terreo semeillante a 40 campos de fútbol.

Foi unha exposición moi emotiva realizada por mulleres que están a loitar polas súas vidas, tal e como hoxe as desenvolven, e polo futuro das seguintes

xeracións, contra un proxecto que hipoteca a moit@s para beneficio dunha soa empresa norueguesa, e tamén contra a falta de apoio e o desprezo de diferentes institucións, de diferente cor política, que no canto de apoiar á veciñanza apoian os intereses do capital.

Na actualidade son moitos @s veciñ@s que obteñen boa parte da súa renda e a maioría dos alimentos a través do cultivo das terras que pretenden ocupar para a explotación de acuicultura.

Porén, a celebración destas xornadas anuais na Costa da Morte, permitiulles ás afiliadas do S.L.G. coñecer a espectacular beleza desta comarca, na que terra e mar se xuntan para proporcionar unha singular paisaxe e o alimento de centos de familias.

Ademais, a convivencia destas máis de cento corenta mulleres, contribuíu a fraguar a alma loitadora das mulleres de Muxía, que estiveron pendentes de todo o necesario para facer este encontro posíbel.

Moitas grazas.

As labregas son consideradas delinquentes pola Seguridade Social

A suba dos custos de produción e a baixa dos prezos percibidos polas labregas, fai que para moitas mulleres sexa inasumíbel o importantísimo incremento nas cotas da SS. Ademais, denunciouse tamén o trato denigrante que as mulleres estamos a recibir por parte da Seguridade Social.

Dende o absoluto desprezo a moitas mulleres que teñen explotacións agrarias e gandeiras pequenas por teren poucos ingresos, até inspeccións nas que as labregas son tratadas como delinquentes por ter necesidade dunha prestación de baixa por enfermidade.

Moitas destas mulleres están a desenvolver en solitario tarefas que nun auténtico estado do benestar estarían asumidas en boa parte pola sociedade no seu conxunto, como o coidado da infancia, de persoas maiores e de dependentes.

As participantes concluíron que este trato vexatorio lexítima mesmo actitudes violentas cara ás mulleres posto que son transmisoras de mensaxes nos que aparecen como persoas inferiores.

Denunciouse que o asasinato continuo de mulleres non sexa considerado como problema social de primeira magnitude, así como o diferente trato mediático e institucional que se lles dá as mulleres asasinadas: non se suspenden campañas electorais, non hai reunións de emerxencia, forma xa parte do cotián...

Canto ao recoñecemento da titularidade compartida nas explotacións agrarias, a responsable da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba denunciou que despois dun primeiro borrador de Real Decreto no que formulaba este recoñecemento como unha cuestión totalmente voluntaria, de dubidosa repercusión noutros ámbitos como o fiscal, e estipulaba que o titular podía recoñecer calquera grao de participación para a muller, non houbo ningunha comunicación ou avance.

Compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades animais. ■ DOG do 18 de marzal de 2008

Poderán solicitar estas axudas @s titulares de explotacións en que se sacrificasen ou destrúisen de forma preventiva todos os animais por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha enfermidade

sometida a un programa oficial de control e erradicación.

O período indemnizable será de tres meses contados dende que se autorice oficialmente a reintrodución de animais e sumados aso tempo de baleirado da

explotación.

O importe da compensación dependerá do tipo de animal sacrificado.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda rematará o 21 de novembro de 2008.

Axudas destinadas ao desenvolvemento do programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisíbeis en ovino ■ DOG 18 de marzal de 2.008

A CMR ven de convocar axudas encamiñadas ao desenvolvemento do programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisíbeis en ovino. Poderán beneficiarse destas axudas tanto as organizacións de criadores como

@s gandeir@s titulares de explotacións que cumpran os requisitos.

As contías das subvencións van dende o 40% ata o 50% do custo, dependendo da actividade subvencionábel.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 18 de abril de 2.008.

Axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción ■ DOG 2 de abril de 2008

Poderán acollerse a estas axudas as organizacións ou asociacións de criadores, das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción.

O custo subvencionable variará, en función da actuación realizada, entre o 40% e o 100% do investimento total.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 2 de maio de 2.008.

Pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos. ■ DOG 3 de abril de 2008

A prestación consistirá nun pagamento único por cada fillo/a menor de tres anos, sendo a contía da prestación de 360 euros por cada un dos fillos/as.

Poderán beneficiarse desta prestación aquelas persoas que teñan fillos/as menores de tres anos en 1 de xaneiro

de 2008 (nacidos entre o 2-1-2005 e o 1-1-2008, incluídos) e non superasen no exercicio 2006 os 22.000 euros, sumadas a parte xeral e especial da declaración do IRPF.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 13 de maio de 2008.

Compra de gando bovino e ovino-cabrún para a reposición de reses sacrificadas obrigatoriamente en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais ■ DOG 18 de marzal de 2008

Poderán acceder a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións de gando nas que se ordenara o sacrificio obrigatorio de bovinos, ovinos e cabrún existentes na explotación como consecuencia do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación.

A contía das axudas poderá ascender a 500 euros por animal adquirido da especie

bovina, e 50 euros no ovino-cabrún, nos casos de baleiro sanitario nunha explotación, este importe será incrementado nun 10% se pertence a unha ADS, ata un máximo de 24.000 euros por beneficiario. Nos casos en que non se realice un baleirado total da explotación, concederáse o 75% das cantidades citadas anteriormente.

O prazo para presentar as solicitudes rematará o 21 de novembro de 2.008.

Axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo ■ DOG 3 de abril de 2008

A axuda consistirá nun pagamento único e seranlles concedidas aos traballadores/as que a partir do 1 de novembro de 2007 e ata o 31 de agosto de 2008 se acollan a unha redución da xornada de traballo de ata un

máximo da metade da duración daquela para o coidado dun/dunha fillo/a menor de tres anos.

Poderán beneficiarse desta axuda traballadores por conta allea e familias monoparentais en que a persoa

solicitante, home ou muller, sexa traballadora por conta allea.

O prazo para solicitar esta axuda estará aberto dende o 4 de abril ao 31 de agosto de 2008.

Axudas económicas destinadas a subvencionar gastos de mantemento e funcionamento das asociacións e federacións de mulleres da Galiza. ■ DOG 3 de abril de 2008

As axudas poderán ser solicitadas polas asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, na área de actuación de muller.

As axudas económicas que se outorguen ao abeiro desta orde poderán alcanzar como máximo o 90% do total do orzamento presentado.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda rematará o vindeiro 4 de maio de 2008

Subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal ■ DOG 10 de marzal 2008

Poderán ser beneficiari@s destas subvencións aquelas persoas xurídicas asociativas do ámbito agrario que apliquen programas de produción de calidade.

O importe total da subvención poderá chegar até o 100% dos custos das actividades, sen que en ningún caso se superen as disponibilidades orzamentarias.

O prazo de presentación das solicitudes de axuda remata o próximo 1 de maio.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Circuíto de muxido GAS-COIGNE de 4 puntos, lavado automático, 26 metros de tubo.
TLF.669 808 644

-Grada rotativa de 250x250.
-Abonadora BICOM.
-Jhonder 818
TLF. 628 071 424

Circuíto de ordeño usado.
TLF. 982 18 70 81 ou 90 17 65 77

Todo-terreo PATROL GR. Bo estado. Particular.
TLF. 676410981

Novillas frisonas próximas ao parto, con carta e en control leiteiro.
TLF. 981 19 69 19 ou 610 962 132 (Antonio)

Becerras dun ano da zona de Lalín. Raza Cachena. Mansas.
TLF. 605 897 352

Rebaño de vacas de raza Caldelá.
TLF. 679 962 507

Cisterna de 8.000L. Marca GALARI. Eixo direccional. Ballesta na lanza.
TLF. 693 36 55 51

Invernadeiro de 44m.x10m. Completo. Con rego, reformado. En Paderne.
TLF. 676 97 05 04

Novillas Limusín, próximas ao parto.
TLF. 629 308 667

Dispensador moderno, de combustible.
Depósito de 2.000 L. Un ano de uso. 500 euros.
TLF. 650 911 778

Rolos de herba ensilada.
TLF. 646 462 785 (Josefa)

-Casa de pedra con 5 ferrados de terra, carballos e castiñeiros. Situada en Friol (Lugo)
-Tanque de 1000L. marca PA-CO.
-Sala de ordeño GASCOINE. Seminova cpm 5 puntos e pul-sadores orixinais
TLF. 982 375 158 (Ángel)

Quince ovellas con crías.
TLF. 982 157 931

Sementadora de patacas de 2 surcos ata os 75 cm. Depósito de insecticida en liña. A Limia.
TLF. 650 01 92 75

Vacas de carne por abandono. Santa María (Arzúa)
TLF. 626 31 50 59

Rolos de herba seca e silo n'A Fonsagrada.
TLF. 686 274 022

Vacas rubias marcadas.
TLF. 689 752 400

-Tractor internacional 685
-Rotativa DEUTZ FAHR 1.90
-Pinza TENÍAS
-Sala de muxido
-Catro puntos WESTFALIZA, con lavado automático
-Carro con enganche a tractor.
-Tanque de semen
-Silo de penso de 5.000Kg.
-Pincho de rolos
-Herba seca e silo
-Cachorro Golden Retriever
TLF. 618 11 51 19

Herba seca en rolos.
TLF. 699 71 94 84

35 ovellas. Con dereitos.
TLF. 686 78 41 78

Citroën XANTIA M6221 BBY. A gasóleo.
TLF. 629 41 19 79

Pala marca BMH.
TLF. 666 009 080

-Dúas neveiras de carnicería
-Mezclador de carne
-Báscula (dá tickets)
TLF. 645 217 837

-JOHN DEERE 818
-Rotoempacadora DEUTZFAR 1.50
-Graderotativa 2.50
TLF. 628 071 424(Fernando)

Rolos de herba seca. Pedrafitá.
TLF. 982 161 325

Mel natural de colleita propia, procedente de néctar de flores de carpazas, silvas e castiñeiro principalmente. Deza (LALÍN). Particulares e comerciantes.
5 €/ kilo.Tamén asesoramos a abelleir@s pouco experimentad@s.
TLF. 986 781 834 ou escribir a melpajaro@hotmail.com
Autocargador GALAGRI, modelo 2600 e abonadora 400kg.
TLF. 659 659 418

Rolos de silo e unha caseta para o can.
TLF. 982 153 098 (Manuel)

-Carro mezclador con fresa de 8m.
-Rotoempacadora KRONICK R- 130 con documentación.
TLF. 650 158 948

Autocargador de 27m³ con 13 coitelas e porta hidráulica.
TLF. 650158948

Cuba de madeira en bo estado.
TLF. 982 172 663 (entre as 14:00 e 15:00 h.)

Desbrozadora martillos tra-seira.
TLF. 699 141 720

Herba seca en Cospeito.
TLF. 982 505 798

Herba seca en Cazás-Xermade.
TLF. 982 526 174

Tractor EBRO 6125, dobre tracción. COSTE: 12000 EUROS.
TLF. 625 180 903

Cachorro de pastor catalán en Cualedro.
TLF. 617188732 ou 98842806 (Sindo ou Senén)

Lagar antigo de propiaño con máis de 200 anos de antigüidade en Verín.
TLF. 627944520

Autocargador GALAGRI, modelo 2600. Abonadora 400kg.
TLF. 659659481

Víño da DO Rías Baixas da Cooperativa Moraima, en Barro.
TLF. 986 711 206 e 679 400 756

Véndese ou alégase, nave de 33 vacas en Chantada.
TLF. 982 441 505 e 687 082 210

Dúas xatas rubias galegas preñadas e xata de leite próxima ó parto. Zoa Cesuras.
TLF. 981 79 03 31

Circuíto WESFALIA 3 puntos con lavado automático e 5 anos de uso.
TLF. 982 18 70 81.

Sulfatadora de 400L. de capacidade.
TLF. 620 733 660

462 litros de viño tinto do ano 2007. Zona d'A Cortegada.
TLF. 988 30 36 70

Máquinas de limpar cereal e muíño de moer cereal.
TLF. 982 17 51 32

Autocargador con rotativa Juscafresa SAJ 19. En bo estado e con documentación. Zona Cesuras.
TLF. 981 78 66 10.

-Xaulas de coellos seminovas
-Sistema de limpeza con palas -200 pacas de herba (1€/paca)
TLF. 988 45 74 00 ou 646 462 785

Enfriadero de 200l. e silo de rolos. Mondoñedo.
TLF. 982 17 94 13

Arado de 4 vertedeiras semiautomático. 450euros.
TLF. 690 828 935

Rolos de herba seca en Cospeito.
TLF. 982 505 755

Empacadora WELGER AP400, en bo estado, seminova.
TLF. 982 370 655

Fresa AGRIC de piñóns 1.85 de traballo. Cospeito (Lugo)
TLF. 606 628 050

Segadora rotativa marca KHUN de cinco discos e un arado de 2 sucos e 16 pulgadas reforzado marca GÓMEZ.
TLF. 696 004 515

Un coredeiro e unha cordeira de 8 meses. Raza Merina (prototipo de monte). Económico.
TLF. 647144031 - Cristian (a partires 20 h.)

Extendedeiro AUSAMA, Modelo L-410.
TLF. 986571208 e 616992917

Augardente d' Herbas.
TLF. 629 308 667

Leña de carballo. Oroso. Preguntar precios e medidas.
TLF. 981 69 55 88

Tanque de Frío. Capacidade 800 L, JAPY, perfecto estado.
TLF. 981 60 52 70

Véndense rulos de silo de herba máis herba seca. Ordes.
TLF. 981 68 26 52

Segadora de man BCS. Bo estado. Oroso.
TLF. 981 69 57 77 (Emilio)

Por peche de explotación:
-Carro mesturador vertical de 12 m³, coitelas hidráulicas, cinta alimentadora desprazable a ambas bandas e pé hidráulico. Pouco uso.
-Tractor MASSEY FERGUSON 8.120 DYN ASSIFT, de 150 CV, con 2.000 horas e primeiras rodas.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, medidores volumétricos e programador de lavado.
TLF. 608 879 938

Fresadora AGRATOR 1.90.
TLF. 982 177 430

COMPRAS

Fresa de 1'20 para BJR.
TLF.699 348 754 (María Jesús)

Sementadora de patacas para tractor.
TLF. 981 66 92 50

Encintadora de rolos para silo.
TLF. 981 08 80 71 ou 620 66 01 15 (José Luis)

OUTROS

Precísase conductor/a de tractor para traballos forestais. Salario a convir. Zona de traballo na provincia de Ourense.
TLF. 676 979 348

Intercámbianse libros de lectura.
TLF. 986 58 40 70

Búscase explotación para arrendar en calquera das catro provincias do País (preferentemente n'A Coruña).
TLF. 676 28 27 30 (Samuel)

Interprete de Español-Galego / Francés-Inglés-Portugués .
gargalladas@yahoo.es

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Nova mocidade emprendedora

Nova sabedoría do rural



Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida... unha nova sabedoría.
E ti... se sempre volves ao rural...
Por que non ficas a traballar nel?



novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

<http://mediorural.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Infórmate e establécete no rural